



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 280/2016 DE 14 DE XULLO DE MODIFICACIÓN DO TEMPO DA PROBA DE NATACIÓN NO PROCESO DE SOCORRISTAS 2016 E DE COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

Na Resolución 250/2016 de 1 de xullo resolvín contratar 2 socorristas.

Igualmente resolvín:

*3º.- Como consecuencia de quedar desertas 5 prazas de socorristas, que se proceda a abrir novamente a oferta á Oficina do Servizo público de Emprego de Galicia no ámbito provincial, conforme os mesmos criterios establecidos nas bases aprobadas o 13.06.2016 co nº 211*

Publicada a lista definitiva de admitidos no novo proceso de contratación 278/2016 e convocados para a celebración da primeira proba de oposición e a segunda proba, é a miña intención que se modifiquen os tempos da proba de piscina quedando do seguinte xeito:

*1º exercicio- Consistirá nunha proba combinada a realizar nunha piscina e da seguinte maneira "Entrada a auga do aspirante ó estilo socorrista, é dicir sen afundir a cabeza, realizará 50 metros de nado libre, 15 metros de buceo con recollida de manequí no fondo da piscina, e realizará 35 metros de remolque de manequí sen afundilo nin que pase a auga por encima das súas vías respiratorias. O tempo máximo de realización desta proba será de 4 minutos.*

*Valorase nesta proba: o tempo de realización que non sexa superior ó establecido, que efectúen os 15 metros de buceo correctamente sen saír á superficie, e que remolquen o manequí sen afundilo.*

*A calificación da proba será APTO se cumpren*

Igualmente, por ausencia dun membro do Tribunal debe modificarse a súa composición, quedando do seguinte xeito:

O tribunal cualificador designado pola alcaldía, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Rubén Pérez Coteló

Secretaria (con voz e sen voto): Dolores Cousillas Sánchez

Vogais: Remedios Varela Castro

Con base no anterior RESOLVO modificar o tempo da proba e a composición do Tribunal conforme o establecido anteriormente

Ponteceso, 14.07.2016

O alcalde

Xosé Lois García Carballido

A secretaria

Cristina Castro Fuentes

